

# NōS

## Oposicións

### EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2025/26

**TEMA 4.** A atención á diversidade do alumnado. Principios e estratexias. Medidas organizativas, curriculares e didácticas. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Medidas educativas específicas.

[www.nosoposicions.com](http://www.nosoposicions.com)

[www.espazonos.com](http://www.espazonos.com)

## ÍNDICE

- 0.- INTRODUCCIÓN.
- 1.- A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO.
- 2.- PRINCIPIOS E ESTRATEXIAS.
- 3.- MEDIDAS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DIDÁCTICAS.
  - 3.1.- Medidas ordinarias de atención á diversidade.
  - 3.2.- Medidas extraordinarias de atención á diversidade.
- 4.- ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.
- 5.- MEDIDAS EDUCATIVAS ESPECÍFICAS.
  - 5.1.- Para alumnado con necesidades educativas especiais.
  - 5.2.- Para alumnado con altas capacidades intelectuais.
  - 5.3.- Para alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español.
- 6.- CONCLUSIÓN.
- 7.- BIBLIOGRAFÍA.

0.

## INTRODUCCIÓN

A sociedade é **diversa e variada**; esta é a base da atención á diversidade. Convivimos con persoas con diferentes capacidades, intereses e motivacións polo que, dende un punto de vista escolar, debemos deseñar respostas que contemplen toda esa variedade.

Un centro educativo de **calidade** é aquel que é capaz de dar respostas educativas axeitadas ás necesidades do alumnado que atende, como conxunto e individualmente. A escola é a institución que se encarga de conseguir esa socialización, ao tempo que pretende o pleno desenvolvemento de cada persoa, individualmente, considerando as súas capacidades, os seus intereses e motivacións.

A sociedade en xeral e a educación en particular teñen que estar abertas á aceptación de cada un coas súas peculiaridades, ofrecendo unha real igualdade de oportunidades baseada nos principios de **inclusión e normalización**, aspectos que veñen recollidos no preámbulo da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE). Pola súa parte, a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica a LOE (LOMLOE), en diante LOE-LOMLOE, destaca no seu preámbulo a importancia da **equidade**, considerando imprescindible eliminar calquera desigualdade para lograr un **sistema educativo de calidade**.

Así, a **atención á diversidade** é o conxunto de respostas arbitradas polo sistema educativo para adaptarse ás características daqueles alumnos/as que presentan necesidades no terreo educativo.

Existen múltiples **medidas** previstas para facer efectiva a resposta adaptada a este alumnado; dende aquelas que facilitan o acceso do alumno/a á situación de aprendizaxe, eliminando distintos tipos de impedimentos, ata a introdución de cambios no currículo.

Dende un punto de vista **lexislativo**, para o desenvolvemento do tema basearémonos nas xa citadas LOE e LOMLOE, así coma no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia; tamén no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia e na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.

1.

## A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

O artigo 157 da LOE-LOMLOE fai responsable da **atención á diversidade** ás administracións ("*A atención á diversidade dos alumnos e en especial a atención a aqueles que presentan necesidade específica de apoio educativo*" [...] "*A existencia de servizos ou profesionais especializados na orientación educativa, psicopedagóxica e profesional*") e aos centros educativos, concedéndolles **autonomía pedagóxica**, que se materializa na elaboración dun Proxecto Educativo propio. A LOE-LOMLOE, no artigo 121, di que o Proxecto Educativo "*terá en conta as características do contorno social, económico, natural e cultural do centro, [...] recollerá ao menos a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción titorial, os plans de convivencia e lectura, e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais...*".

O "**Plan Xeral de Atención á Diversidade**" é o documento onde se concretan as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades do seu alumnado. Seguindo o artigo 73 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, elabóroa o Departamento de Orientación, de acordo ás directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e ás achegas dos diferentes equipos. A súa aprobación corresponde ao Consello Escolar. Cada curso, dito proxecto terá unha concreción que se incorporará á "Programación Xeral Anual".

O novo tipo de escola emprendido pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeneral do Sistema Educativo (LOXSE) e continuado polo resto de leis educativas posteriores, basea o seu desenvolvemento no **ensino comprensivo**, caracterizado segundo BELMONTE NIETO por:

- Proporcionar unha formación polivalente cun forte núcleo de contidos comúns.
- Reunir alumnos/as dunha mesma comunidade rural ou urbana, convertendo o centro docente nunha institución implicada na vida da comunidade local.
- Ofrecer a todos o mesmo currículo básico, con independencia da súa orixe social e outras características individuais ou de grupo.
- Atrasar a separación dos alumnos/as en vías de formación que poden ser irreversibles.
- Ofrecer a integración de oportunidades e experiencias educativas valiosas: coeducación, educación comunitaria, transición á vida activa e adulta, etc.

A comprensividade é unha cuestión pedagóxica e de política educativa, posto que "*atribúe ao currículo un importante valor de cambio, na medida en que proporciona as mesmas oportunidades para todos os alumnos/as e compensa as desigualdades sociais e culturais*" (BELMONTE, 1998).

2.

## PRINCIPIOS E ESTRATEXIAS

Respecto ás leis educativas, a **LOE** afonda na atención á diversidade. Determina, no seu preámbulo, que "*a **atención á diversidade** é un principio fundamental que debe rexer todo ensino básico, co obxectivo de proporcionar ao alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades*". Tamén dedica un capítulo concreto á compensación das desigualdades en educación (Título II: Equidade en educación; Capítulo I: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo), co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación. Neste sentido, as administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se atopan en situacións desfavorables e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso. A **LOMLOE** modifica e amplía este capítulo, continuando coa importancia que a **LOE** lle outorga á atención á diversidade.

Ademais, os principios educativos xerais que comparten a **LOE** e a **LOMLOE**, serven de base para establecer os **principios de atención á diversidade**:

- Calidade da educación para todo o alumnado.
- Equidade, que garanta a igualdade de oportunidades.
- Transmisión de valores contrarios á discriminación.
- Flexibilidade para adecuarse á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado.
- Principio de normalización: require elixir sempre a medida máis ordinaria posible.
- Principio de inclusión: polo que todo o alumnado debe participar activamente, buscando a socialización e a aprendizaxe cooperativa.
- Principio de individualización do ensino: parte de que cada alumno/a é distinto e ten unhas necesidades particulares.

No artigo 4 do Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade dos centros de Galicia, establécense os seguintes **principios de actuación**:

1. A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.

4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

Ademais, a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o citado Decreto 229/2011, concreta no seu artigo 4 os **principios** citados, en función de ser equipo directivo, profesorado titor, profesorado de área ou servizos de orientación:

1. Por parte dos **equipos directivos** dos centros docentes:

- a) A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman. Igualmente, garantirase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.
- b) A distribución e a organización equitativa dos recursos, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.
- c) A información precisa a toda a comunidade educativa, dos proxectos, os plans, os programas, as medidas, os recursos e os servizos con que conte o centro docente.
- d) A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da formación e a innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa, do éxito escolar do alumnado e do seu desenvolvemento profesional.
- e) A realización do seguimento e da avaliación dos proxectos, plans e programas, así como, de ser o caso, das propostas de mellora que corresponda.

2. Por parte do **profesorado titor**:

- a) A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do Departamento de Orientación en relación ás medidas e aos recursos necesarios para atender á diversidade do alumnado da súa tutoría.

- b) A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.
- c) O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.
- d) A solicitude da intervención da xefatura do Departamento de Orientación, no caso de alumnado no que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

3. Por parte do **profesorado de área**:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

4. Por parte dos **servizos de orientación** educativa e profesional:

- a) O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- b) A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.
- c) A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.
- d) A promoción da participación das familias no proceso da avaliación psicopedagóxica.
- e) A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

É importante destacar que a primeira pauta para atender á diversidade é **detectar as posibles dificultades** que vaian xurdindo e atender á súa evolución. No momento en que o titor/a vexa unha dificultade, contará do Departamento de Orientación (as súas actuacións están reguladas no Decreto 120/1998, de 23 de abril, que regula a orientación educativa e profesional en Galicia, e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia), para realizar unha avaliación psicopedagóxica (segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de atención á diversidade).

3.

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DIDÁCTICAS

As medidas de atención á diversidade pódense establecer en función do tipo de necesidade, da idade e do nivel educativo en que se atope o alumno/a:

- As **medidas organizativas** teñen que ver coa organización dos alumnos/as, a distribución en grupos seguindo criterios pedagóxicos, a xestión de recursos materiais e humanos dos centros educativos (horarios do profesorado, tempos de coordinación, espazos concretos habilitados para os nenos/as que o necesiten ou acondicionamento das instalacións), así como a posta en práctica de diferentes programas e itinerarios.
- As **curriculares** contemplan aquelas modificacións do currículo que teñen por finalidade dar unha resposta axeitada ás necesidades dos alumnos/as. Poden ser para permitir o acceso ao currículo ou a modificación, ampliación ou redución nalgún dos seus elementos.
- As **medidas didácticas** son aquelas relativas á metodoloxía. As decisións metodolóxicas permítennos unha marxe máis ampla de manobra para responder ás características do alumnado, diversificando estratexias, actividades e materiais didácticos; flexibilizando tempos e espazos. Así atenderemos aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás posibles dificultades.

O actual Decreto 229/2011, así como a Orde do 8 de setembro de 2021, definen “**medida**” como aquela actuación, estratexia e/ou programa destinado a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. O devandito Decreto diferencia entre medidas **ordinarias e extraordinarias**.

Para dar resposta ao epígrafe do tema, diferenciaremos entre medidas ordinarias e extraordinarias, pero especificando cales son organizativas, curriculares e didácticas.

### 3.1.- MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Segundo o artigo 8 do Decreto 229/2011, son aquelas que teñen por finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, sen alteración significativa de obxectivos, contidos, criterios de avaliación...

**Só se comentarán as referidas á Educación Primaria.** Dentro das medidas ordinarias atópanse:

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Adecuación da **estrutura organizativa do centro** (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- **Aulas de atención educativa e convivencia**, así como medidas destinadas á mellora da convivencia. Isto vén regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve. Cabe destacar que a Orde do 8 de setembro de 2021 dá a posibilidade de entender esta medida como aulas nas que atender, temporalmente, ao alumnado que pola súa conduta inadecuada impida o normal desenvolvemento das clases dentro do seu grupo.
- **Desdoblamento de grupos**, que consisten en dividir o grupo en dous grupos heteroxéneos (con diferentes niveis de competencia), estando cada un deles cun docente. Así se atende de forma máis personalizada aos alumnos/ as.
- **Apoio do profesorado** con dispoñibilidade horaria. Supón que aqueles mestres/as que non están a impartir docencia poidan ir a unha aula para apoiar ao profesorado que está a dar clase nese momento.
- **Programas de habilidades sociais**. Buscan mellorar as relacións sociais e o clima emocional da aula, para propiciar mellores situacións de aprendizaxe.

## MEDIDAS CURRICULARES

- **Reforzo educativo**. Atendendo ao artigo 48 da Orde do 8 de setembro de 2021, é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ao agrupamento do alumnado e a todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. É elaborado polo docente de área, co coñecemento do profesor/a titor/a, que o comunicará á xefatura de estudos e á familia. Levarase a cabo no contexto ordinario e polo docente que imparte a área, podendo contar coa colaboración doutro profesorado.
- **Programas de enriquecemento curricular**. Están dirixidos ao alumnado que ten un rendemento moi bo nunha ou varias áreas e supoñen un tratamento de contidos máis complexos das devanditas áreas.
- **Plan específico de reforzo**. O Decreto 155/2022 fai alusión a este plan no artigo 22.3; é para o alumnado de Educación Primaria que non acade a promoción e repita un ano máis no mesmo curso. Busca que o alumno/a poida acadar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

## MEDIDAS DIDÁCTICAS

- **Adecuación das programacións didácticas** á contorna e ao alumnado.
- **Metodoloxías** baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión (comunicativa, activa, participativa e integradora).
- Adaptación dos **tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación**.

## **3.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Seguindo o artigo 9 do Decreto 229/2011, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do **alumnado con necesidade específica de apoio educativo** que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplícanse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes. Para a súa aplicación requírese autorización da dirección do centro, da Inspección, Xefatura Territorial (*actualmente Dirección Territorial*) ou Dirección Xeral que proceda e, se é o caso, informe do Servizo de Orientación.

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- **Agrupamentos flexibles.** Atendendo ao artigo 56 da Orde do 8 de setembro de 2021, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas, nas que necesita unha atención máis individualizada. Só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da Educación Primaria.
- Apoio do profesorado especialista en **Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.** Aínda que os apoios do profesorado se consideran como unha medida ordinaria, se son docentes de PT ou AL pasa a ser extraordinaria. Seguindo o artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021, estas actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto ao resto de alumnado do grupo, e soamente se levarán a cabo fóra dela en casos excepcionais e durante un tempo que non excederá da terceira parte da xornada escolar, non supoñendo en ningún caso a totalidade do horario semanal dunha área.
- Atención educativa para o alumnado que, por circunstancias diversas, presenta **dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.** Por exemplo en caso de atención hospitalaria ou domiciliaria.
- **Grupos de adquisición das linguas.** Para alumnado estranxeiro, coa finalidade de adquirir unha das linguas oficiais de Galicia. Duran como máximo un trimestre e teñen unha carga

horaria de 10 horas en 1º e 2º cursos de Educación Primaria e 20 en 3º, 4º, 5º e 6º. O alumnado permanecerá co seu grupo-clase nas materias e momentos que máis favorezan a súa integración e inclusión. Están regulados na Orde do 8 de setembro de 2021.

- **Grupos de adaptación da competencia curricular.** Son para progresar na competencia curricular. Poden durar todo un ano e aplícanse en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Terán unha carga horaria de 8 períodos semanais. E igualmente están regulados na Orde do 8 de setembro de 2021.

### MEDIDAS CURRICULARES

- **Adaptación curricular.** Supón unha modificación dos elementos prescritivos do currículo. Vai dirixida ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea. Especificase na Orde do 8 de setembro de 2021.
- **Flexibilización** da duración do período de escolarización. Pode referirse a estar nun curso superior ou inferior ao que lle corresponde por idade, sen prexuízo da repetición de maneira excepcional que recolle o artigo 22 do Decreto 155/2022. Esta medida aparece na Orde do 8 de setembro de 2021.

4.

**ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO**

A LOE dedica o seu Título II á equidade na educación; dentro deste, no capítulo I trátase o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A LOMLOE reforma este capítulo da LOE, definindo ao alumnado con NEAE como aquel que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar: necesidades educativas especiais (nee); retraso madurativo; trastornos de desenvolvemento da linguaxe e a comunicación; trastornos de atención ou de aprendizaxe; descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe; encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa; altas capacidades intelectuais; incorporación tardía no sistema educativo español; condicións persoais ou de historia escolar.

Segundo a LOE-LOMLOE, *"as Administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de maneira temperá as necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas ás que se refire o apartado anterior. A atención integral ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo iniciárase dende o mesmo momento en que a devandita necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión"*.

Atendendo aos principais grupos:

- ❖ **Alumnado con necesidades educativas especiais.** Segundo a LOE-LOMLOE (título II, capítulo I, sección 1ª), e o artigo 7 da Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, de atención á diversidade, é *"aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenvolvemento"*.

Ademais, a Orde do 8 de setembro de 2021 di que o sistema educativo disporá dos recursos necesarios para a detección precoz dos alumnos/as con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, para que poidan acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A Xunta de Galicia publicou varios protocolos referidos ás necesidades educativas especiais, como o "Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno de espectro do autismo (TEA)", o "Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual" ou o "Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva".

❖ **Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa.** Atendendo ao artigo 8 da Orde do 8 de setembro de 2021, son os alumnos/as que presentan desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole. Asegurarase a eliminación das barreiras que poidan limitar o acceso, a presenza, a participación ou a aprendizaxe deste alumnado.

❖ **Alumnado con altas capacidades intelectuais.** No artigo 9 da Orde do 8 de setembro de 2021 díse que este alumnado se caracteriza por un potencial elevado nalgunha ou nalgunas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación. As altas capacidades implican rendementos académicos superiores á media que mostran non só un coeficiente intelectual alto, senón tamén altos índices de creatividade e persistencia na tarefa, atendendo á teoría dos Tres Aneis, enunciada por JOSEPH RENZULLI en 1978.

No “Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais”, publicado pola Xunta de Galicia, hai unhas orientacións sobre como tratar a este alumnado.

A LOE-LOMLOE abórdalos no título II, capítulo I, sección 2ª. Di que as Administracións adoptarán as medidas oportunas para identificalos e valorarán de maneira temperada as súas necesidades. Tamén se flexibilizará a duración de cada unha das etapas do sistema educativo para estes alumnos/as.

❖ **Alumnado con incorporación tardía no sistema educativo español.** O artigo 10 da Orde do 8 de setembro de 2021 di que son os alumnos/as que, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Estas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

A LOE-LOMLOE citaos no título II, capítulo I, sección 3ª. Di que as Administracións favorecerán a incorporación ao sistema educativo dos alumnos/as que se incorporen tardiamente ao sistema educativo español. A incorporación farase, en todo caso, na idade de escolarización obrigatoria. Desenvolveranse programas específicos para o alumnado que presente graves carencias lingüísticas ou nas súas competencias ou coñecementos básicos, para garantir a súa escolarización.

5.

**MEDIDAS EDUCATIVAS ESPECÍFICAS****5.1.- PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.**

Regúlanse na Orde do 8 de setembro de 2021. Algúns **aspectos de interese** son:

- Os alumnos/as con necesidades educativas especiais serán escolarizados, como norma xeral, en centros ordinarios.
- Escolarizarase en unidades de educación especial, centros de educación especial ou modalidade combinada aos alumnos/as con necesidades educativas especiais que, polas súas características, precisen recursos humanos ou materiais específicos.
- Aplicaranse medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, reguladas no Decreto 229/2011 e na Orde do 8 de setembro de 2021.
- As Administracións consideran as seguintes medidas de flexibilización:
  - Ampliación dun curso escolar na etapa de Educación Infantil; o alumnado non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade.
  - Ampliación dun curso escolar na etapa de Educación Primaria; o alumnado non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo.
  - Poderá haber unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial.

O Decreto 155/2022 concreta, no artigo 20.5, que: "*a consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave*".

## 5.2.- PARA ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS.

Regúlanse na Orde do 8 de setembro de 2021. Algúns **aspectos de interese** son:

- Os alumnos/as con altas capacidades intelectuais serán escolarizados en centros ordinarios.
- As Administracións consideran as seguintes medidas de flexibilización:
  - Redución dun ano escolar na etapa de Educación Infantil.
  - Redución dun ano escolar na etapa de Educación Primaria, independentemente de que se reducise ou non en Educación Infantil. Esta redución afectará, con carácter xeral, ao segundo curso do ciclo e non afectará, con carácter xeral, ao último curso da etapa.
- Pódense poñer en marcha programas de enriquecemento curricular, que son programas de tratamento personalizado que buscan promover e desenvolver os talentos, dando resposta ás inxedanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender, mantendo o nivel de motivación.

O Decreto 155/2022 contempla, no artigo 20.6, a flexibilización na escolarización deste alumnado. Para iso di que: "*poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas*".

## 5.3.- PARA ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL.

Regúlanse na Orde do 8 de setembro de 2021. Algúns **aspectos de interese** son:

- No momento da incorporación do alumno/a ao sistema educativo farase a avaliación inicial que, de estimarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica.
- Se tras esa avaliación se detecta que o alumno/a presenta un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade. Pola súa parte, o Decreto 155/2022 fala dun desfasamento de dous ou máis cursos (artigo 20.7).
- Outra alternativa cando presenta o desfasamento curricular de dous ou máis cursos é o grupo de adaptación da competencia curricular, que se aplicará en segundo e terceiro ciclos de Primaria, nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.
- No caso de descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, poderase comezar co grupo de adquisición de linguas, xa comentado.

O Decreto 155/2022 dispón, no artigo 20.7, que "*adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfase e que lle permitan continuar con aproveitamento os seu aprendizaxe*".

6.

## CONCLUSIÓN

7.

## BIBLIOGRAFÍA

- BELMONTE, M. (1998). *Atención a la diversidad I. Diseño de estrategias y evaluación formativa basada en el análisis de tareas*. Mensajero.
- LÓPEZ MELERO, M. (2004). *Construyendo una escuela sin exclusiones*. Aljibe.
- PALLARÉS, J. (2000). *Estrategias para la atención a la diversidad*. Hergué.
- PUIGDELLÍVOL, I. (1998). *La educación especial en la escuela integrada. Una perspectiva desde la diversidad*. Graó.
- SARTO, M.; VENEGAS, M. (2009). *Aspectos clave de la educación inclusiva*. El INICO.
- SILVA SALINAS, S. (2003). *Atención a la diversidad. Necesidades educativas: Guía de actuación para docentes*. Ideas Propias.
- VVAA (2004). *La escuela inclusiva. Prácticas y reflexiones*. Graó.

**LEXISLACIÓN.**

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (LODE).
- Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE).
- Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación (LOCE).
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE).
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en centros docentes de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, que regula a orientación educativa e profesional en Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.

**Protocolos**

- ✓ Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno de espectro do autismo (TEA).
- ✓ Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- ✓ Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- ✓ Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.